

## **Informe técnico sobre as proposicións presentadas no sobre B polas entidades concorrentes na contratación do servizo para a interpretación da lingua de signos**

O obxecto deste informe técnico é o estudo, avaliación e proposta de puntuación das proposicións presentadas nos respectivos sobres B, coa documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor polas entidades concorrentes, na contratación do servizo para a interpretación da lingua de signos, remitidos o 15 de setembro de 2015 a esta unidade pola Mesa de contratación.

### **I. Antecedentes:**

Os pregos que rexen esta contratación foron aprobados pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 21 de xullo de 2015, e publicados no BOPG nº 498, do 23 de xullo. O anuncio de licitación publicouse no DOG nº 153, do 13 de agosto de 2015.

### **II. Ofertas a estudar:**

- UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982. (UTE DReA)
- Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia. (FAPXG)

### **III. Criterios de adxudicación:**

Segundo o apartado 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o criterio cuxa cuantificación depende de xuízo de valor é o **valor técnico da oferta**, puntuable con ata **30 puntos**, establecendo que avaliaranse aspectos como:

- a) planificación e organización do servizo, etapas e pasos de que consta a prestación do servizo desde a comunicación polo Parlamento das sesións que compre cubrir,
- b) tempos das quendas de rotación de efectivos e descansos,
- c) código deontolóxico profesional,
- d) plan de formación relevante para a prestación do servizo
- e) outros idiomas coñecidos polos interpretes (ademais dos esixidos na cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas),
- f) vestuario que empregarán os efectivos.

### **IV. Determinación da forma de asignación da puntuación:**

Segundo co establecido no prego, avaliaranse as proposicións conforme á subdivisión nos aspectos antes mencionados. Nada establecen os pregos sobre a distribución dos puntos entre os aspectos comentados, pero non todos teñen a mesma importancia e

incidencia na calidade na prestación do servizo, polo que a efectos de ponderar as ofertas considerase oportuno clasificar os aspectos en tres categorías, en función da súa previsible repercusión directa na boa calidade do servizo a prestar, asignándolle 9, 5 ou 3 puntos:

Aspecto a valorar	Máxima puntuación atribuíble
Planificación, organización e etapas de que consta a prestación do servizo	9 puntos
tempos de rotación e descansos	5 puntos
plan de formación	5 puntos
outros idiomas	5 puntos
código deontolóxico profesional	3 puntos
vestiario que empregarán os efectivos	3 puntos
<b>Total de puntos atribuíbles</b>	<b>30 puntos</b>

Para a distribución dos puntos en función de cada aspecto, optase por establecer tres graos ou niveis de satisfacción segundo á repercusión na prestación do servizo, (alto, medio, baixo), subdividindo a puntuación do seguinte xeito:

Grado	Puntuación máxima 9 puntos	Puntuación máxima 5 puntos	Puntuación máxima 3 puntos
Alto	7-8-9	5	3
Medio	4-5-6	3-4	2
Baixo	1-2-3	1-2	1

## V. Análise das ofertas presentadas:

### - Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

Antes de entrar na avaliación da documentación contida neste sobre faise constar que, para os efectos do disposto do art. 140 do TRLCSP, nel se achega solicitude de confidencialidade, de forma xenérica, dos **datos incluídos na proposta**, sen que se faga mención expresa ou concreta de parte, aspecto, punto ou páxina da oferta; na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas indicábase que os licitadores poderían manifestar de forma explícita que información incluída na súa oferta ten carácter.

Ao respecto cómpre recordar que o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (Resolución nº 288/2014) entende que a *obligación de confidencialidade non pode afectar á totalidade da oferta realizada polo adxudicatario, tendo en conta de*



*que o propio artigo 140.1 do TRLCSP garante que o deber de confidencialidade non debe prexudicar o cumprimento das obrigacións en materia de publicidade e información que debe darse a candidatos e licitadores, obrigacións entre as que se atopan incluídas as enumeradas no artigo 151.4 do TRLCSP, entendendo o Tribunal que unha extensión da confidencialidade a toda a proposición do adxudicatario podería estar incurso en fraude de lei nos termos previstos no artigo 6.4 do Código Civil.*

Na Resolución 62/2012, o Tribunal concluíu que posto que a adxudicataria do contrato de forma indiscriminada cualificou como confidencial toda a documentación incluída na súa proposición, cuestión esta de todo improcedente, corresponderá ao órgano de contratación, ao obxecto de dar cumprimento ao principio de publicidade e transparencia consagrado no TRLCSP e así motivar suficientemente a adxudicación, determinar aquela documentación da proposición da empresa adxudicataria que, en particular, non afecta a segredos técnicos ou comerciais ou non se corresponde con aspectos confidenciais, sendo necesario que se xustifique debidamente no expediente, e no seu caso á propia entidade -de solicitalo expresamente a mesma-, as causas que determinan o carácter confidencial da citada documentación.

a) planificación e organización do servizo.

Organiza o servizo en base ao sistema de xestión ciclo Deming ou PDCA de mellora continua e baixo criterios ISO 9001:2008 que permite o análise e trazabilidade da adecuación do servizo á demanda recibida ata a súa finalización. Describe detalladamente o proceso, con identificación de persoa e teléfono e e-mail de contacto.

Ofrece poñer a disposición dos interpretes, especialistas en lingua de signos para asesoramento en signos específicos ou de escaso uso; non se valora, dado que se entende que debe estar incluído na prestación do servizo demandada nos pregos, que non se circunscribe aos signos xenéricos, fáciles ou de uso corrente.

Describe gráfica y detalladamente posibles localizacións idóneas dos interpretes para as distintas situacións que poden darse no Parlamento.

Con fin de facilitar a comprensión e axilizar o proceso interpretativo, sobre todo no caso de deletreo manual, ofrece a elaboración dun glosario do ámbito parlamentario cos signos identificativos dos principais intervinientes do Parlamento que poderán ser consultados na web da FAXPG.

O equipo de intérpretes para a prestación do servizo esta integrado por 13 efectivos. Manifesta dispor dunha bolsa de intérpretes (a maiores dos 13 efectivos) para garantir a substitución inmediata de calquera profesional.

Vincula como mellora ao servizo a propia organización, cargos e profesionais, sede, medios materias e plató de gravación da entidade.

Ofrece a difusión do contrato, axenda do Parlamento, retransmisión das sesións e, en xeral, fomento da actividade parlamentaria, ao través da súa web. Non se valora ao estimar que estritamente non aporta valor á prestación obxecto do contrato.

Estrutura claramente as distintas etapas: 1) xestión e planificación da demanda dun servizo, 2) realización do servizo e protocolo de actuación dos interpretes, e 3) rexistro e avaliación do servizo (sistemas de seguimento, supervisión e avaliación).

Ten establecido procedementos detallados de mellora continua, incidencias, non conformidade, queixas e propostas de mellora, auditoría interna e medición de satisfacción mediante cuestionarios de avaliación.

**Valoración global:** O modelo de organización do servizo é detallado e axeitado para unha boa prestación do servizo, permite a trazabilidade da súa xestión e, polo tanto, facilita o seguimento da prestación por parte do Parlamento; a información relativa a posibles localizacións dos interpretes nos distintos actos facilitará aos servizos da Cámara a preparación dos actos. Se xulga moi interesante o glosario de ámbito parlamentario (a propia administración parlamentaria podería ofrecer esta información ao través da propia web do Parlamento).

Sobre a bolsa de interpretes, a parte de ser unha simple manifestación, o número de efectivos ofertados (13) xulgase máis que suficiente para garantir a presenza mínima esixida nos pregos (3). A vinculación ao servizo do persoal e recursos da propia entidade non se valora, dado que non se estima que aporte nada significativo á correcta prestación do mesmo, que deberá prestarse desde o propio Parlamento, e a correcta prestación debe vir determinada pola pericia e coñecementos dos interpretes, non do persoal corporativo ou administrativo da entidade.

**Grao:** Alto

**Puntuación atribuída:** 8

b) tempos de rotación e descansos.

Establece unhas quendas de interpretación de 20-30 minutos como máximo. Determina as funcións dos distintos efectivos antes, durante e despois do cambio de quenda, e momentos idóneos para facilitar un cambio rápido e discreto.

**Valoración global:** Tendo en conta que tres son os efectivos mínimos que prestarán o servizo, as quendas de 30 minutos, como máximo, permiten descansos entre interpretacións dunha hora, tempo considerado máis que suficiente.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 3

c) plan de formación.

Manifesta que 8 dos efectivos que desenvolverán o servizo participan no Plan de formación continua da FAPXG, facendo un relatorio de cursos desenvolvidos desde 2009; para os efectos do que importa neste contrato, ou sexa, os cursos que se



desenvolverán no futuro para os efectivos propostos, no ano 2015 esta previsto un curso de ámbito xurídico para 5 interpretes.

Por outra banda FAPXG participa na rede de intérpretes da Confederación Estatal de Persoas Ciegas (CNSE) e colabora co CIFP Anxel Casal-Monte Alto, onde se importe o ciclo superior de interpretación de lingua de signos.

**Valoración global:** Non existe un compromiso claro e explícito da formación que realizarán ao longo da execución do contrato os efectivos propostos, senón unha simple intención de incorporalos ao plan de formación anual, limitado, ademais a un número determinado de efectivos; por outra banda, a participación da FAPXG na CNSE e a colaboración co CIFP, non engaden, por si mesmos, valor engadido á formación dos interpretes.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 3

d) outros idiomas coñecidos polos interpretes

Dous efectivos teñen capacidade para interpretar do galego ou castelán á lingua inglesa e un efectivo para interpretar do castelán ao portugués, e viceversa.

**Valoración global:** aportarán valor ao servizo ao poder permitir, no caso de necesidade, a interlocución con persoas xordas que empreguen estes idiomas,.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 3

e) código deontolóxico profesional.

Os interpretes observarán o código deontolóxico da Federación Española de Interpretes de Signos e Guías Interpretes (FILSE), que establece as seguintes pautas: responsabilidade e profesionalidade, neutralidade, fidelidade á mensaxe e confidencialidade. Detalla as condutas e actitudes que deberá manter e as obrigas que deben observar en todo momento, os interpretes.

**Valoración global:** Código deontolóxico da FILSE, de uso común polos prestadores deste tipo de servizos.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 2

f) vestiario que empregarán os efectivos.

Os interpretes utilizarán vestiario homoxéneo de cor negra, consistente nunha prenda superior cun logotipo que os identifique como intérpretes. Non permitirá que os interpretes usen reloxos, aneis, pendentes, maquillaxes, etc, ...

**Valoración global:** Aínda que non explicita qué tipo de prenda ou prendas, nin determina cal é o logotipo que identificará aos interpretes, se considera que a proposta é suficiente para garantir que o vestiario non sexa un elemento que interfira na comunicación.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 2

- **UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.**

Antes de entrara avaliar o distintos aspectos incluídos nesta oferta, faise constar que ofrece unha bolsa de 150 horas para mellorar diversos aspectos do servizo: 30 horas para realización de cursos de formación sobre lingua de signos dirixidos a persoal e deputados; 40 horas para servir de interprete ás visitas que reciba o Parlamento de persoas xordas; 80 horas para traballos de tradución e interpretación de contidos da web do Parlamento.

Segundo o apartado 16 do cadro de especificacións, un dos criterios cuantificables mediante aplicación de fórmulas, e que polo tanto habería que incluír no sobre C, é a oferta dunha **bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias.**

Segundo a cláusula sétima do prego, no sobre «B» non se pode incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábles de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre «C»; o incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

A Mesa de Contratación deberá avaliar se a oferta incorre neste suposto e procede a súa exclusión.

Por outra banda se inclúe tamén neste sobre B, acreditación documental dos requisitos esixidos ao persoal que prestará o servizo e que, segundo a cláusula sétima do prego, debería terse presentado no sobre A ou, no caso de achegar a declaración responsable do anexo III, no momento, de ser o caso, da clasificación de ofertas previo á adxudicación; en todo caso, esta circunstancia non se considera causa de exclusión.

Con independencia da súa posible exclusión ou non, estes aspectos non son avaliados nin puntuados neste informe.

a) **planificación e organización do servizo.**

O equipo de intérpretes para a prestación do servizo está integrada por 7 efectivos.

Describe someramente a necesidade de coordinación do servizo, a necesidade de garantir boas prácticas. Detalla, esquematicamente, as labores que desenvolverá o coordinador.

Establece os criterios que utilizarán para a contratación de novos interpretes, de ser necesarios, baseados na experiencia, na formación complementaria e noutras aptitudes e capacidades.

Baseará a calidade do servizo no fomento do traballo en equipo, preparación do servizo polos efectivos mediante a búsqueda e actualización da información, o que lle permitirá o coñecemento dos temas sobre os que deberá realizar o seu traballo de interpretación.

Cando se desenvolvan sesións de 2 días ou día e medio, dedicarán ao servizo 4 efectivos.

**Valoración global:** Proposta demasiado escueta, non permite coñecer, máis alá da figura da existencia dun coordinador e das súas funcións, cómo planificará e organizará o servizo. Sen embargo se valoran positivamente a dedicación de catro efectivos nas sesións de dous días ou día e medio.

**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída:** 4

b) tempos de rotación e descansos.

Establece unhas quendas de interpretación de 15-20 minutos como máximo, facendo cambios no momento axeitado para respectar a fidelidade ao contido do discurso traducido ou interpretado.

**Valoración global:** son tempos de rotación máis curtos que a outra oferta, que previsiblemente deberían redundar nun maior descanso para os interpretes, polo tanto un menor risco de erros por fatiga.

**Grao:** Alto

**Puntuación atribuída:** 5

c) plan de formación.

**Valoración global:** Non se oferta nada neste aspecto

**Grao:**

**Puntuación atribuída:** 0

d) outros idiomas coñecidos polos interpretes

**Valoración global:** Non se oferta nada neste aspecto.

**Grao:**

**Puntuación atribuída:** 0

e) código deontolóxico profesional.

Os interpretes observarán o código deontolóxico da Federación Española de Interpretes de Signos e Guías Interpretes (FILSE)

**Valoración global:** Código deontolóxico da FILSE, de uso común polos prestadores deste tipo de servizos.

**Grao:** Medio



**Puntuación atribuída: 2**

f) vestiario que empregarán os efectivos.

Simple declaración de homoxeneización do vestiario mediante adopción de imaxe corporativa, que facilite a comprensión da mensaxe.

**Valoración global:** Aínda que non explicita qué tipo de prenda ou prendas, nin cores, se considera que a proposta é suficiente para garantir que o vestiario non sexa un elemento que interfira na comunicación.


**Grao:** Medio

**Puntuación atribuída: 2**

**VI. Resumo da puntuación atribuída ás ofertas presentadas:**

Aspecto a valorar	Máxima puntuación atribuíble	Puntuación atribuída	
		Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982
Planificación, organización e etapas de que consta a prestación do servizo	9	8	4
tempos de rotación e descansos	5	3	5
plan de formación	5	3	0
outros idiomas	5	3	0
código deontolóxico profesional	3	2	2
vestiario que empregarán os efectivos	3	2	2
Total de puntos atribuíbles	30	<b>21</b>	<b>13</b>

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2015.



Javier Freire González  
Xefe do Servizo de Réxime Interior



Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior